



ACORDO DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DE SERVIZO DE CIRURXÍA CARDIOVASCULAR, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 3 DE XUÑO DE 2021 (DOG Nº 111, DO 14 DE XUÑO), POLO QUE SE CONVOCA O ASPIRANTE AO ACTO PÚBLICO PARA A DEFENSA DO PROXECTO TÉCNICO.

A base sexta da resolución do 3 de xuño de 2021 (DOG nº 111, do 14 de xuño) da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión do posto de Xefe/a de Servizo de Cirurxía Cardiovascular dispón que, unha vez nomeada a Comisión de Avaliación, procederase a convocar os aspirantes para a celebración do acto público de defensa do proxecto técnico de xestión da unidade e do currículo profesional.

Polo que antecede, a Comisión

ACORDA

Convocar o aspirante á praza de Xefe/a de Servizo de Cirurxía Cardiovascular para o acto público de exposición do proxecto técnico de xestión da unidade e do currículo profesional, que terá lugar o día **30 de setembro de 2021, ás 12:00 horas, na sala nº 2 de docencia, sita no 4º andar do Hospital Universitario A Coruña**. O tempo máximo de exposición do que disporá o aspirante para a defensa do proxecto será de 40 minutos.

O aspirante deberá vir provisto do DNI ou documento oficial que acredite a súa identidade.

A Coruña, 21 de setembro de 2021
O Presidente da Comisión de Avaliación

Asdo.: Antonio Fernández García

DILIXENCIA: Para facer constar que con esta mesma data procédese a publicación da presente Resolución.

A Coruña, 21 de setembro de 2021

O DIRECTOR DE RR.HH.

Asdo.: Javier Fernández Nistal

